GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA
JURADO PROVINCIAL DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN
E/F/E.

N.º 6 Rf.ª 5-11-2

El Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común de Pontevedra, ha dictado la siguiente RESOLUCION:

Asistentes:
Presidente: Excmo.Sr.Gobernador Civil
Don Faustino Ramos Díez.
Vicepresidente: Don Manuel Landeiro Piñeiro.
Vocales:
Don José Luis de la Torre Nieto.
Don Luis Solano Aguayo.
Don José Casal Pereira.
Don Miguel A.Delmas y Pérez de Salcedo.
Don Pedro Rial López.
Don Víctor Soto Bello.
Don Ricardo García Borregón.
Don Casimiro Fernández Otero.
Don Jesús Francisco B las.
Secretario: Don Tomás Fernández Doctor.

---OoO---

En la Ciudad de Pontevedra, siendo las diecisiete horas del día trece de noviembre de mil novecientos setenta y nueve, con asistencia de los señores que al márgen se expresan, se reunió el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, con objeto de estudiar la clasificación del monte que se indica, sito en el término municipal de ARBO, y

RESULTANDO: Que por la Administración Foresºtal han sido realizados expedientes de investigación de 6 montes radicados en el Ayuntamiento de Arbo, entre los que figura el denominado Mourentán que se describe de la forma siguiente:

Nombre del monte: MOURENTAN.
Cabida: 501 Has.
Límites:
Norte: Término municipal de la Cañiza.
Este: Monte Caqueliños y Albeos (Creciente).
Sur: Monte de Arbo.
Oeste: Idem.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 1 de febrero de 1979, se acordó iniciar los trámites para la clasificación de 6 montes radicados en el Ayuntamiento de Arbo.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Sr Registrador de la Propiedad de Puenteareas la anotación preventiv del monte a que se refiere la presente resolución.

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de Arbo, así como a la Comunidad propietaria, todos ellos interesados en el mismo, y que se publicó a éstos efectos en el Boletín Oficial de la provincia número 65 de fecha 20 de marzo de 1979, concediendose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que ni el Ayuntamiento ni la Cámara Agraria Local de Arbo se personaron en el expediente.

RESULTANDO: Que las Comunidades vecinales se han personado en los expedientes con arreglo al siguiente detalle:

a) Los de la parroquia de Arbo interesando sepprosiga el expediente d clasificación y ofreciendo la colaboración del vecindario al respeto.
b) La Comunidad de San Juan pide se desglose un monte del resto de la Comunidad de la parroquia de Arbo.
c) Que la Comunidad de Barcela, interesa se aclaren linderos de sus montes con los de la parroquia de Cabeiras, pidiendo por otra par que este motivo no suponga retraso en la clasificación de los montes. Aporta: 1.-Copia autorizada de la relación de montes y dehes existentes en el Distrito del Ayuntamiento de Arbo, hecha por la Comisión de ventas de bienes nacionales. 2.-Una copia del interrogatorio del Marqués de la Ensenada, describiendo el territorio de la parroquia de Barcela. 3.-Estadillo de los montes del "común de vecinos" exceptuados de la desamortización, fechado en 1861.
d) Los de Cabeiras interesan la clasificación de los montes y acompañan fotocopia simple de un pleito sobre límites con la parroquia Barcelá.
e) Las de Cequeliños, Mourentán y Sela, interesan la clasificación los montes, y ofrecen la adhesión y colaboración del vecindario.
f) Que los vecinos de Sando de Mourentán, interesan la clasificación favor del lugar del monte denominado Val de Muiños y otros.

RESULTANDO: Que el monte objeto de esta resoluciónno está inscrito el Registro de la Propiedad.

RESULTANDO: Que el monte está catalogado como de Utilidad Pública p lo menos en parte, desde que se hizo público el Catálogo, es d con fecha 1 de febrero de 1901.

RESULTANDO: Que los vecinos de Sanded de Mourentán, interesan la cla ficación a favor del lugar del Monte Val de Muiños y otros.

V I S T O S: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 27 de jul de 1968 y el Reglamento para su aplicación aprobado por Decre 569/1970 de 26 de febrero; la Ley de Procedimiento Administra y disposiciones concordantes.

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de 27 de julio de 1968 tes Vecinales en Mano Común incluye como tales a aquellos mo que con independencia de su origen vengan aprovechándose con dinariamente en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que en la relación de montes de la provincia del año 1847, figuran los de las parroquias de Arbo como de propiedad del común de vecinos.

CONSIDERANDO: Que el artículo 2 de la misma Ley de Montes Vecinales en Mano Común establece que no será obstáculo para su clasificación como vecinales en mano común el que esos montes estén incluidos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de diferente titularidad.

CONSIDERANDO: A mayor abundamiento, que tales inscripciones o inclusiones a favor de los Ayuntamientos fueron debidas en gran parte a la necesidad de que tales montes fuesen inscritos en los correspondientes registros y la única Entidad con personalidad jurídica era el propio Ayuntamiento, por lo que las inscripciones fueron efectuadas a su nombre, como única Entidad que ostentaba la representación de los vecinos.

CONSIDERANDO: Que en el propio Catálogo de Montes de la provincia la titularidad se atribuyó a las parroquias correspondientes.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar la situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos de vecindad, existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anormalidad, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos, con sujeción al régimen jurídico que establece el artículo 2 de la Ley citada y el artículo 38 de su Reglamento, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.

CONSIDERANDO:

GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

| N.º ........ | Ref.º 5-11-2 |
|---|---|

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, por unanimidad, acuerda:

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO COMUN EL MONTE DENOMINADO MOURENTAN
TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL RESULTANDO PRIMERO DE ESTA RESOLUCION, COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE MOURENTAN
EN EL TERMINO MUNICIPAL DE ARBO , POR REUNIR LOS REQUISITOS EXIGIDOS EN EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN.

La presente Resolución podrá ser impugnada ante la Jurisdicción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLUCION.

Y para que conste, surta efectos y en cumplimiento de lo dispuesto en el párrafo segundo del artículo veinticuatro del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESOLUCION por los miembros del Jurado que asistieron a la sesión.

Transcurridos los plazos de interposición de recursos sin que éstos se hayan presentado, la presente RESOLUCION será firme a todos los efectos reglamentarios.

Lo que me complazco en notificarle para su conocimiento y demás efectos.

Dios le guarde.
Pontevedra, 17 DIC. 1979
EL SECRETARIO DEL JURADO

Fdo.-Tomás Fernández Costas.

O Sr. Alcalde Presidente del Ayuntamiento.-
O Sr. Presidente de la Cámara Agraria Local.-
O Sr. Don

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 165 | Mércores, 28 de agosto de 2024 | Páx. 48562

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 9 de agosto de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución do acordo da revisión do esbozo do monte veciñal denominado Mourentán, da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourentán, no concello de Arbo (expediente RE22064).*

Para os efectos previstos na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade do acordo acadado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, na sesión que tivo lugar o 26 de xuño de 2024, respecto á revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal denominado Mourentán, da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourentán, no concello de Arbo (expediente RE22064).

O 13.3.2024, o Servizo de Montes deste departamento territorial emitiu o seguinte informe:

Feitos:

Primeiro. O 3.4.2021, con número de rexistro de entrada 2021/736093, a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) de Mourentán solicitou a revisión parcial do esbozo do monte veciñal en man común (en diante, MVMC) Mourentán (ID2446). A dita solicitude deu lugar á apertura do expediente RE22064. Constan no expediente:

– Memoria técnica da revisión do esbozo do monte Mourentán de setembro de 2022, asinada o 20.12.2023 polo enxeñeiro técnico forestal núm. 902 do COETF de Galicia.

– Certificado do secretario do 12.3.2021, coa conformidade do presidente da CMVMC de Mourentán, da aprobación na asemblea xeral do 15.3.2020.

– Cartografía en formato dixital.

A proposta da revisión do monte veciñal Mourentán:

– O monte correspóndese con parte do antigo monte de utilidade pública núm. 163 Chan de Padrón, que está deslindado e marcado. Na parte norte do monte veciñal realizouse un

CVE-DOG: l1j6u6l6-nll3-bf19-o9x9-rmiv4yugdvw3

levantamento topográfico dos marcos existentes e co apoio do plano do MUP xeorreferenciado.

– A estrema coa CMVMC de Arbo foi modificada pola Sentenza xudicial 00028/2019, do 24.10.2019, da Sala do Civil do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que ratifica a Sentenza núm. 147/2017, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 2 de Ponteareas. A sentenza determina a liña divisoria do monte veciñal de Mourentán polo vento oeste respecto dos montes veciñais de Santa María de Arbo e Cabeiras.

– No perímetro coas propiedades privadas axústase a cartografía catastral e no interior do monte recoñécense varios enclavados de propiedade particular.

– A estrema co MVMC de Cerdeira (As Neves) e co CMVMC Cequeliños e San Xoán de Arbo son obxecto de deslindamentos administrativos, consonte o artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Segundo. O obxecto é a revisión do esbozo do monte Mourentán, con Resolución de clasificación do 13.11.1979 e unha superficie de 501 ha. Segundo os datos do Sistema rexistral forestal (artigo 126 da Lei de montes de Galicia):

– Non ten contrato de xestión coa Administración forestal.

– Non dispón dun documento de xestión forestal.

– Recolle as permutas autorizadas polo Xurado de MVMC de Pontevedra.

– Na estrema co monte veciñal da CMVMC de Cerdeira (As Neves) teñen un deslindamento administrativo DC22099.

– Na estrema co monte veciñal da CMVMC de Cequeliños teñen un deslindamento administrativo (DC22120). Revisión de esbozo RE22062.

– Na estrema co monte veciñal da CMVMC de San Xoán teñen un deslindamento administrativo DC22037. Revisión de esbozo RE22049.

– Sentenza xudicial 00028/2019, do 24.10.2019, da Sala do Civil do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que ratifica a Sentenza núm.147/2017, do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 2 de Ponteareas, de definición de estremas coa CMVMC de Arbo e Cabeiras.

CVE-DOG: l1j6u6l6-nll3-bf19-o9x9-rmiv4yugdvw3

Terceiro. A revisión do esbozo proposto ten unha superficie de 358,13 ha, descontada a superficie enclavada, e un perímetro de 69,95 km (descontados os deslindamentos DC22037 e DC22120). A descrición da Resolución de clasificación do 13.11.1979, do Xurado de MVMC de Pontevedra, modifícase cos nomes, cabidas e límites que a continuación se consignan:

Monte: Mourentán.

Cabida: 358,13 ha.

Estrema norte: termo municipal da Cañiza.

Estrema sur: monte de Arbo.

Estrema leste: MVMC de Cequeliños e Albeos (Crecente).

Estrema oeste: MVMC de Arbo.

Cuarto. O 2.10.2022, o Xurado Provincial de MVMC de Pontevedra acordou solicitar ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Mourentán (Arbo) (expediente RE22064), coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en diante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

Segunda. A revisión do esbozo do monte veciñal Mourentán, da CMVMC de Mourentán, proposta polo Servizo de Montes é a presentada pola comunidade e queda definida consonte os datos reflectidos no feito terceiro.

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal denominado Mourentán, e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este xurado, por unanimidade dos seus membros,

CVE-DOG: l1j6u6l6-nll3-bf19-o9x9-rmiv4yugdvw3

ACORDA:

Aprobar a revisión do esbozo do monte veciñal denominado Mourentán, clasificado a prol da CMVMC de Mourentán (Arbo), segundo a proposta do Servizo de Montes e a planimetría elaborada por este.

Pontevedra, 9 de agosto de 2024

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial
de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: l1j6u6l6-nll3-bf19-o9x9-rmiv4yugdvw3

**PROPOSTA DA REVISIÓN ESBOZO PARCIAL**
**Monte: ID 2446- Mourentán**
**Pertenza: ID 2354-Mourentán (Arbo)**






| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Escala 1:25.000 (etrs89) | Xuño 2024 | REVISIÓN ESBOZO PARCIAL<br>ID 2446- Mourentán<br>ID 2354-Mourentán | CMVMC de MOURENTÁN<br>Concello de Arbo | XUNTA DE GALICIA<br>CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL<br>Dir. Territorial de Pontevedra<br>Servizo de Montes |

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 18 de decembro de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo sobre o deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Mourentán (Arbo) e Cerdeiras (As Neves), ao respecto da estrema común dos seus montes (expediente DC22099).*

Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, o 27 de novembro de 2024, en relación co deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común de Mourentán (Arbo) e Cerdeiras (As Neves), ao respecto da estrema común dos seus montes (expediente DC22099).

Feitos:

Primeiro. O 29.9.2022, o presidente da comunidade de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) de Mourentán presenta no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co núm. de entrada 2022/2394364 solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Mourentán (Arbo) e a CMVMC de Cerdeiras (As Neves).

Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC de Mourentán (ID monte: 2446) da CMVMC de Mourentán.

– MVMC de Cerdeiras (ID monte: 2920) da CMVMC de Cerdeiras.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012:

• Acta do deslindamento o 12.7.2022.

• Acta de conciliación núm. 7/2022 entre as comunidades no Xulgado de Paz de Arbo o 15.11.2022.

CVE-DOG: c8rr46w2-ywh0-0gi5-6ip6-b8tb9nydec37

• Certificado do secretario da CMVMC de Mourentán coa conformidade do presidente do 19.9.2022 da aprobación na Asemblea do 18.9.2022.

• Certificado do secretario da CMVMC de Cerdeiras coa conformidade do presidente do 10.7.2023 da aprobación na Asemblea do 14.8.2022.

• Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado o 26.9.2022 pola enxeñeira técnica forestal colexiada núm. 6318 do COETF de Galicia.

Terceiro. O punto de deslindamento proposto é o seguinte:

Punto P.01- x: 553.446,58 y: 4.666.712,45

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos os MVMC detéctase que non existe colindancia entre ambas as comunidades. O dito punto queda xustificado polos expedientes de revisión de esbozo da CMVMC de Mourentán (RE 22064) e da CMVMC de Cerdeiras (RE22012).

O punto de deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación. Os expedientes de revisión de esbozo RE22064 e RE22012 xa recollen o actual punto de deslindamento.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53, polo que propón a aprobación do deslindamento segundo a liña presentada.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. Esta resolución dítase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

CVE-DOG: c8rr46w2-ywh0-0gi5-6ip6-b8tb9nydec37

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Mourentán (Arbo) e a CMVMC de Cerdeiras (As Neves) respecto da súa estrema común nos termos indicados no feito terceiro.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Pontevedra, 18 de decembro de 2024

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común

CVE-DOG: c8rr46w2-ywh0-0gi5-6ip6-b8tb9nydec37



| Punto | X | Y |
|---|---|---|
| 1 | 553446,58 | 4666712,45 |

CMVMC DE CERDEIRAS
CMVMC DE MOURENTÁN
1
553100
553200
553300
553400
553500
553600
553700
4667099
4666999
4666899
4666799
4666699
4666599
4666499
4666399
4666299
4666199
DC22099 MOURENTAN-CERDEIRAS
Puntos do deslindamento
Concellos_IGN
0
100
200
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Deslindamento entre a CMVMC de Mourentán (Arbo) e a CMVMC de Cerdeiras (As Neves)
XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES
ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:2.500
OUTUBRO -2024




| Punto | X | Y |
|---|---|---|
| 1 | 553446,58 | 4666712,45 |

DC22099 MOURENTAN-CERDEIRAS

- Puntos do deslindamento
- Concellos_IGN

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Deslindamento entre a CMVMC de Mourentán (Arbo) e a CMVMC de Cerdeiras (As Neves)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:2.500

OUTUBRO -2024

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 18 de decembro de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo sobre o deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Cequeliños e Mourentán (Arbo), ao respecto da estrema común dos seus montes (expediente DC22120).*

Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, o 27 de novembro de 2024, en relación co deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común de Cequeliños e Mourentán (Arbo), ao respecto da estrema común dos seus montes (expediente DC22120).

Feitos:

Primeiro. O 30.9.2022, o presidente da comunidade de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) de Cequeliños, presenta no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co núm. de entrada 2022/2408658 solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Cequeliños (Arbo) e a CMVMC de Mourentán (Arbo).

Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC de Cequeliños (ID: 2445) da CMVMC de Cequeliños.

– MVMC de Mourentán (ID: 2446) da CMVMC de Mourentán.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012:

– Acta do apeo do deslindamento do 6.2.2022.

– Acta de conciliación núm. 6/2022 entre as comunidades no Xulgado de Paz de Arbo do 15.11.2022.

CVE-DOG: mao6zhx5-bmb2-ksr7-dli5-pgc0bpu371c8

– Certificado do secretario da CMVMC de Cequeliños coa conformidade do presidente do 4.9.2022 da aprobación na asemblea do 3.9.2022.

– Certificado do secretario da CMVMC de Mourentán coa conformidade do presidente do 19.9.2022 da aprobación na asemblea do 18.9.2022.

– Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado o 22.9.2023 pola enxeñeira técnica forestal colexiada núm. 482 do COETF de Galicia que modifica a memoria inicialmente presentada e asinada o 20.9.2022.

– Informes de validación gráfica catastral con CSV: 9NZ8FEXXF896DJXS, 24FP4J0KAYE48F4K e 7HW3ZK6ATSZSMQRG (para a comunicación da alteración catastral consonte o artigo 55.3 da Lei 7/2012), que polo principio de colaboración entre administracións deberá verificar a Xerencia Territorial de Catastro.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 711 metros e está composta polos seguintes puntos:

| | | |
|---|---|---|
| Punto P.1- | x: 559.703,58 | y: 4.665.517,88 |
| Punto P.2- | x: 559.616.76 | y: 4.665.443.74 |
| Punto P.3- | x: 559.512,76 | y: 4.665.350,75 |
| Punto P.4- | x: 559.536.32 | y: 4..665.110.50 |
| Punto P.5- | x: 559.419.38 | y: 4.664.696.14 |

O servizo de montes de oficio xera en gabinete un punto de deslindamento secundario S2:

| | | |
|---|---|---|
| Punto P.S2- | x: 559.515,33 | y: 4.665.534,56 |

Recúase a liña de deslindamento inicialmente solicitada ata o punto P.S2. Xa que non queda xustificada a colindancia entre ambas as comunidades no tramo S1-S2 e axústase ó expediente de revisión de esbozo da CMVMC de Mourentán (RE22064).

Na cartografía das resolucións de clasificación de ambos os MVMC detéctase que existe colindancia entre ambos, ben que existen terceiros titulares catastrais afectados no monte veciñal de Cequeliños, que entendemos é un titular dun negocio xurídico da dita comunidade propietaria.

CVE-DOG: mao6zhx5-bmb2-ksr7-dli5-pgc0bpu371c8

O deslindamento está formado por 2 tramos:

Tramo 1: punto P1, punto P2, punto P3 e punto S2.

Tramo 2: punto P4-punto P5.

A liña do deslindamento respecta a liña de concellos do Instituto Xeográfico Nacional entre o concello de Arbo e o concello de Crecente.

A liña do deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación. A CMVMC de Mourentán presenta unha revisión de esbozo (RE22064) e a CMVMC de Cequeliños realiza un axuste para que o deslindamento sexa coincidente no punto inicial e final coa planimetría existente.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53, polo que propón a aprobación do deslindamento segundo a liña presentada.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. Esta resolución dítase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Cequeliños e a CMVMC de Mourentán, ambas no concello de Arbo, respecto da súa estrema común nos termos indicados no feito terceiro.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes

CVE-DOG: mao6zhx5-bmb2-ksr7-dli5-pgc0bpu371c8

Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Pontevedra, 18 de decembro de 2024

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: mao6zhx5-bmb2-ksr7-dli5-pgc0bpu371c8




| Punto | X | Y |
|---|---|---|
| P. 1 | 559703,58 | 4665517,88 |
| P. 2 | 559616,76 | 4665443,74 |
| P. 3 | 559512,76 | 4665350,75 |
| S.02 | 559515,33 | 4665324,56 |
| P. 4 | 559536,32 | 4665110,50 |
| P. 5 | 559419,38 | 4664696,14 |

DC22120 Puntos do deslindamento

DC22120_Liña do deslindamento

Concellos_IGN

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Deslindamento entre a CMVMC de Cequeliñosa (Arbo) e a CMVMC de Mourentán (Arbo)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:2500

OUTUBRO -2024




| Punto | X | Y |
|---|---|---|
| P. 1 | 559703,58 | 4665517,88 |
| P. 2 | 559616,76 | 4665443,74 |
| P. 3 | 559512,76 | 4665350,75 |
| S.02 | 559515,33 | 4665324,56 |
| P. 4 | 559536,32 | 4665110,50 |
| P. 5 | 559419,38 | 4664696,14 |

XUNTA DE GALICIA — CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Deslindamento entre a CMVMC de Cequeliñosa (Arbo) e a CMVMC de Mourentán (Arbo)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVIZO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:2500

OUTUBRO -2024

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANUNCIO do 16 de maio de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución aprobatoria do deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) de Arbo e Mourentán (Arbo) (expediente DC22037).*

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra resolveu na súa reunión do 26.3.2025 aprobar o deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) de San Xoán de Arbo e Mourentán (Arbo), con base nos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. O 27.9.2022, o presidente da CMVMC de San Xoán presenta solicitude de deslindamento entre a CMVMC de San Xoán e a CMVMC de Mourentán, ambas no concello de Arbo.

Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC de San Xoán (ID monte: 2442) da CMVMC de San Xoán.

– MVMC de Mourentán (ID monte: 2446) da CMVMC de Mourentán.

Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (LMG):

– Acta de apeo do 11.2.2022.

– Papeleta e acta de conciliación do Xulgado de Paz de Arbo núm. 05/2022 do 15.11.2022.

– Certificado do secretario da CMVMC de San Xoán coa conformidade do presidente do 16.9.2022 da aprobación na asemblea do 10.4.2022.

– Certificado da secretaria da CMVMC de Mourentán coa conformidade do presidente do 19.9.2022 da aprobación na asemblea do 18.9.2022.

CVE-DOG: oj4vazm1-c387-2a72-qd62-jy2ouwanvzn7

– Memoria descritiva de xullo de 2022 co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829, asinada pola enxeñeira técnica forestal colexiada núm. 482 do COETFG. Constan emendas posteriores que corrixen a dita memoria.

– Informe de validación gráfica (IVG) catastral con CSV: RA3HW0MNARZJCSPM.

Segundo. Os puntos levantados no campo de acordo coas dúas comunidades e que se corresponden con puntos identificados con fitos sobre o terreo son os seguintes:

| Puntos | X | Y | Denominación |
|---|---|---|---|
| P.1 | 559.419,40 | 4.664.696,10 | Coto da Moura |
| P.2 | 559.154,00 | 4.664.392,80 | Cruz |
| P.3 | 558.524,00 | 4.664.442,90 | Cruz de Trabazos |
| P.4 | 558.285,80 | 4.664.412,80 | A Torneira |

No traballo de gabinete establécense puntos de deslindamento secundarios para respectar as propiedades particulares (o deslindamento realizarase coas propiedades particulares) e áreas afectadas polo dominio público hidráulico. Estes puntos son:

| | | |
|---|---|---|
| Punto S01: | x: 559.155,02 | y: 4.664.394,04 |
| Punto S02: | x: 558.498,96 | y: 4.664.439,71 |
| Punto S03: | x: 558.411,26 | y: 4.664.428,64 |
| Punto S04: | x: 558.324,94 | y: 4.664.417,75 |

Terceiro. Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos os MVMC detéctase que existe colindancia entre ambos e considérase que non afecta terceiros propietarios xa que se axusta ao deslindamento en tramitación que ten a CMVMC de Mourentán coa CMVMC de Cequeliños (DC22120) e a revisión do esbozo aprobada da CMVMC de Mourentán (RE22064).

A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 530 metros e está formada por 3 tramos:

Tramo 1 de 0,40 km: de P01 a S01.

Tramo 2 de 0,09 km: de S02 a S03.

Tramo 3 de 0,04 km: de S04 a P04.

CVE-DOG: oj4vazm1-c387-2a72-qd62-jy2ouwanvzn7

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 107 | Venres, 6 de xuño de 2025 | Páx. 31910

Que corresponde cos seguintes puntos:

| | | |
|---|---|---|
| Punto P01: | x: 559.419,38 | y: 4.664.696,14 |
| Punto S01: | x: 559.155,02 | y: 4.664.394,04 |
| Punto S02: | x: 558.498,96 | y: 4.664.439,71 |
| Punto S03: | x: 558.411,26 | y: 4.664.428,64 |
| Punto S04: | x: 558.324,94 | y: 4.664.417,75 |
| Punto P04: | x: 558.285,80 | y: 4.664.412,82 |

A liña de deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación, polo que se realiza un axuste dos dous esbozos.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da LMG, polo que propón a aprobación polo Xurado do deslindamento segundo a liña presentada.

Cuarto. O artículo 53 da LMG establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

Á vista do exposto, este xurado

RESOLVE:

Aprobar o deslindamento parcial entre as CMVMC de San Xoán e Mourentán (Arbo), nos termos antes indicados.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC de Pontevedra no prazo dun mes de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da LPAC; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses de acordo cos artigos 8 e 46 da LXCA.

Pontevedra, 16 de maio de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: oj4vazm1-c387-2a72-qd62-jy2ouwanvzn7




| Num | X | Y | Precisi_cm |
|---|---|---|---|
| P. 01 | 559419,38 | 4664696,14 | 1 |
| P. 04 | 558285,80 | 4664412,82 | 2 |
| S. 01 | 559155,02 | 4664394,04 | 0 |
| S. 04 | 558324,94 | 4664417,75 | 0 |
| S. 03 | 558411,26 | 4664428,64 | 0 |
| S. 02 | 558498,96 | 4664439,71 | 0 |